

Na fotografía: Víctor Casas, Micaela Chao, Elvira Bao, Antón Vilar Ponte, Carme e Tulia Meléndrez...

Exposición

**Centenario das
Irmandades da Fala
1916-2016**

Saúde e Terra, irmá(n)s!

**Real Academia Galega
Deputación da Coruña
Museo do Pobo Galego**



Manuel Antonio



Arturo López Transancos



Leuter González Salgado



Ramón Vilar Ponte



Xavier Pardo



Ramón Cabanillas

Beizón! Cómpre felicítármonos en Galicia ante o feito de que importantes institucións e numerosos colectivos de cidadáns se achegan a aquel fito histórico de 1916 que se chamou Irmandades da Fala, acertada e cálida denominación. Colectivos e institucións achéganse non só para celebrar aquela proeza cultural, inventada, en boa parte, por Antón Villar Ponte, senón para estudala coas ferramentas e os métodos que Clío, a musa da Historia, esixe. Todo fai supoñer que a Historia, neste centenario, vai ser, como proclamou Cicerón, *magistra vitae*, mestra da vida.

A Real Academia Galega ten un compromiso especial cun acontecer intelectual que inscribiu no seu programa e na súa bandeira a Fala, ou sexa, a Lingua Galega. Por se fose pouco, o acto inaugural das Irmandades tivo como escenario a sede da Academia, e académicos foron algúns dos máis importantes e entusiastas fundadores. Ó longo deste ano a nosa Institución editará catro antoloxías nas que outros tantos especialistas recollerán, examinándoas, as páxinas máis significativas no eido da poesía, do ensaio, do teatro, da oratoria e da narrativa.

Pero este é o momento de saudar con fervor a presente Exposición que levará a varias cidades de Galicia o que foron, fixeron e proxectaron as Irmandades da Fala. Estamos ante unha mostra, ademais de rica en imaxes e documentos orixinais, deseñada con amor e pedagogía.

Xesús Alonso Montero

Presidente da Real Academia Galega

Onacemento hai cen anos das Irmandades da Fala iniciou un poderoso salto adiante non só na traxectoria do galeguismo político senón tamén na lenta normalización social da lingua e da cultura propias de Galicia e no desenvolvemento dun segundo e máis completo rexurdimento das letras, as artes e as ciencias galegas. Moitos caracteres da nosa sociedade actual que conforman a personalidade singular de Galicia e que hoxe consideramos case tan naturais como a paisaxe, dende a autonomía e o seu sistema diferenciado de partidos políticos pola presenza do nacionalismo até o ensino de e en galego e a súa cooficialidade pasando pola existencia dunha alta cultura asemade enxebre e moderna, non se daban en 1916 e, se hoxe os temos, é polo labor, duro e a contracorrente, dos homes e mulleres das Irmandades primeiro e do Partido Galeguista despois.

Xa que logo, é de xustiza que as novas xeracións coñezan e recoñezan o moito que lles debemos en tantos eidos. Tal é o obxectivo ao que pretende contribuír a presente exposición amosando unha selección das accións, os logros e os protagonistas nas diferentes dimensións daquela empresa, aparentemente pequena no seu tempo, pero xigantesca polos seus froitos a longo prazo. Confiamos en que as habilidades comunicativas de Pepe Barro e o seu equipo potencien a recepción desta mensaxe.

O Museo do Pobo Galego congratúlase de poder colaborar coa Real Academia Galega e agradece a xenerosa axuda da Deputación da Coruña, que fixo posible a realización deste proxecto.

Justo Beramendi González

Presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego

Amparo López Jean, Antón e Ramón Vilar Ponte, María Miramontes, Micaela Chao, Antón Lousada, Johán Vicente Viqueira, Ánxel Casal, Elvira Bao, Castelao son algúns dos nomes que relatan nesta exposición o entusiasmo das Irmandades da Fala que conmemoramos no seu centenario.

De maneira especial, queremos destacar aquelas mulleres que representaban a vangarda social, a innovación pedagóxica, referentes de modernidade hoxe esquecidas. As Irmandades apostaron desde o primeiro momento pola defensa da igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Por iso, e por levar á práctica o uso do galego en todos os ámbitos, do literario ao político, da oratoria á conversa cotiá culta, utilizándoo por vontade, por galeguismo.

Ramón Vilar Ponte deixou escrito que foron as Irmandades as que desenvolveron e planificaron un cultivo sistemático e consciente da lingua galega. E así chegamos á creación do nacionalismo galego en 1918. As Irmandades son, pois, un antes e un despois na nosa historia e é hora xa de recoñecer o seu xeneroso legado.

É ese o obxectivo desta exposición que promove a Deputación da Coruña da man da Real Academia Galega e do Museo do Pobo Galego e que, como aconteceu coas Irmandades da Fala, desde a cidade fundacional se expande polo país enteiro, visitando, en primeiro lugar, as sete cidades galegas.

Chamamos ao conxunto da sociedade galega a visitar esta exposición para honrar a memoria das persoas que debuxaron a Galiza que hoxe coñecemos e para construíla cen anos despois. Porque unha parte do seu legado está por cumprir e pola modernidade que supuxo a idea de sermos universais desde o orgullo da identidade nacional expresada nunha lingua que ten dereito a ser transmitida de xeración en xeración. De aí vimos. Desde aí collemos impulso para tecer a Galiza do futuro.

Por todo isto, saúde e terra, irmá(n)s!

Goretti Sanmartín Rei

Vicepresidenta da Deputación da Coruña

Falan galego, trátanse de *irmáns e irmás*, unha estrela riscada é o seu contrasinal, traen a fouce por emblema, deséxannos *Saúde e Terra*, son os homes e as mulleres das Irmandades da Fala.

Da lingua á fala

Falar e escribir en galego é a súa arela primeira, pero axiña dan un paso máis, «Lingua distinta, di o aforismo político, indica distinta nacionalidade».

En 1916, vellos rexionalistas e novos activistas republicanos xúntanse na Coruña para crear as Irmandades da Fala, ao pouco tempo son xa duascenas persoas en todo o país. Veñen de diferentes ideoloxías, pero en 1918 a visión de Galicia como nación centra un programa político que deseña un modelo de país. A construción dunha cultura galega en todos os ámbitos posibles é tamén tarefa fundamental que asumen como propia. Velaquí políticos, pero tamén poetas, artistas, investigadores, comunicadores... Velaquí tamén as mulleres facendo sentir a súa voz de «irmás».

A nación galega

As Irmandades da Fala marcan un fito cando rexeitan definirse como «rexionalistas» e acordan nomearse «d'oxe pra sempre, nazionalistas galegos» e isto ocorre en 1918, na asemblea celebrada en Lugo baixo a presidencia de Losada Diéguez. Nos anos seguintes, Risco, Ramón Vilar Ponte e outros «irmáns» fan un esforzo teórico: a xeografía, a historia e a etnicidade definen a nación galega. Pero é sobre todo a vontade de ser galegos e a práctica política e cultural das Irmandades a que constrúe a nación.

A razón da causa galega

«Intervir na política para que esta se faga en proveito do pobo». Son os novos líderes os que fan avanzar as Irmandades desde a indefinición inicial. Son Vilar Ponte, Porteiro, Miramontes, Peña Novo, Chao Maciñeira, Viqueira, Víctor Casas... Eles e elas conforman un programa que supera o «Rexionalismo», concreta a reivindicación nacional na autonomía integral e emprende unha visión económica e social progresista: «Serve a Galiza o que aproveita un salto de auga, o que fai froitificar dobremente un campo, o que escribe un poema, pinta un cadro, abre unha escola, fai ciencia», son palabras de Viqueira.

Nós sós

Tal como conta o debuxo da cabeceira d'*A Nosa Terra*, Galicia debe tronzar a constante tirapuxa dos partidos que se aquendan no Goberno de España. Nada achegan os partidos españois ao noso país, cómpre crear un grupo político nidiamente galego, sen servidumes. As Irmandades da Fala son a resposta a ese discurso. Son primeiro un movemento pero axiña tentan organizarse como un partido. Aínda así no foi doado conciliar liberais e conservadores, isto é: os partidarios da acción política, a maioría da Irmandade coruñesa, e o grupo ourensán, que ve o nacionalismo coma unha elite de guieiros intelectuais. Tras varias escisións, na chegada da II República os diferentes grupos nacionalistas agrúpanse no Partido Galeguista.

Letra a letra

A cultura é parte da política e viceversa. As Irmandades entenden que un novo rexurdimento literario é necesario e posible. Crear unha literatura moderna, culta e popular é unha tarefa prioritaria, un desafío para a normalización e modernización do idioma. A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) afoga a expresión política e os nacionalistas centran as súas enerxías na cultura. A literatura galega é desde Rosalía a creación poética, pero agora realízase a tarefa inmensa de inventar a oratoria, a prosa de creación e a prosa de ideas, a escrita teatral reborda a escena, anóvase a poesía e abrolla a vangarda; fúndanse as editoras necesarias e a revista *Nós* convértese no referente da alta cultura. Cando comeza a década dos trinta, o nacionalismo dispón xa dunha bagaxe coa que comezar a «galeguizar o mundo».

Subir á escena

Forza dramática, canto coral, o son da terra, velaí as artes que poden chegar ás masas. Estaba todo por facer. «Interéanos máis un coro galego que un deputado en Cortes por Galicia», di Antón Vilar Ponte. Co teatro e a música a lingua sobe á escena e proclama a dignidade do pobo que a fala, na vila e na aldea. Pero o teatro e a música en galego non son só dramas e cantos rurais, a lingua debe servir para calquera realidade humana. Con pasos adiante e atrás, con éxitos e fracasos, a busca dun teatro galego nacional, moderno, digno e de calidade atravesaba o tempo das Irmandades. En 1929, conseguen estrear en Vigo a ópera *O Mariscal*, alta cultura.

Arte e galeguismo

Non é doado «pintar en galego» como quería Castelao, sen ter a lingua como materia prima é difícil acadar a soberanía estética, pero deben intentalo. A arte galega é unha tarefa política que os nacionalistas deben practicar e promover con «galeguismo, modernidade y-emoción» como quere Vicente Risco. O primeiro foi que as artes incorporasen asuntos galegos e así o pobo entrou nos cadros, logo buscouse na nosa paisaxe diferente a forza dunha personalidade de seu. Procurouse na historia a inspiración e veu o neorrománico e a estética do granito galego, as vangardas achegan novas formas coas que os «novos» tentan ir máis alá!

Saber de nós

A investigación e o coñecemento deben servir a Galicia, así o cren as e os nacionalistas. O cultivo das ciencias humanas pero tamén das ciencias naturais e técnicas, mesmo o cultivo das artes, son necesarios para construír un país moderno e dono de si. En 1923, ante unha universidade que vive de costas á sociedade, nove estudantes promoven o Seminario de Estudos Galegos que en trece anos de vida xunta socios activos que suman alumnos, catedráticos e eruditos diversos, varias mulleres científicas comezan no SEG a súa actividade. Cun financiamento escaso, trescentos socios protectores, moitos concellos, contribúen a soste-la institución e fan posible a publicación dos *Arquivos*, seis tomos coas achegas intelectuais das mellores cabezas do país. O alzamento fascista de 1936 remata coa iniciativa e espolia o seu patrimonio.

Os medios necesarios

Os xornais, as revistas, os boletíns son os medios. *A Nosa Terra* é o voceiro político nacionalista. A prensa é o espazo onde se pasa información, confróntanse as ideas, fórmase a opinión pública e, nun deseño de país como o que proxectan as Irmandades, gañar espazo para a prosa de análise, de crítica e de ideas é necesario. Xornalistas profesionais, ocasionais e mesmo columnistas fixos reúnen nas páxinas da prensa boa parte do sentir nacionalista, o obxectivo é articular un bloque social que se faga cargo da dirección política, social e cultural de Galicia como nación.

As mulleres erguen a voz

«Igualdade absoluta, política e civil da muller e do home», velaí a declaración dunha Asemblea das Irmandades, unha idea que figura xa como o primeiro dos problemas «políticos» recollido no manifesto de 1918. O voto feminino é recoñecido en USA en 1920, no Reino Unido en 1928, no Estado español as mulleres votan por primeira vez en 1933. E as mulleres loitan na Irmandade Feminina, creada na Coruña en 1918, elas participan no teatro, aparecen na palestra dos mítins e algunhas colaboran n'*A Nosa Terra*. Con dirixentes como Amparo López Jean ou María Miramontes son arredor de cincuenta afiliadas, pero na década dos trinta a cifra vai en aumento en toda Galicia e chegan a ser o 10% do Partido Galeguista.

Texto manuscrito do manifesto da I Asemblea Nacionalista, celebrada en Lugo en 1918

Tendo a Galicia todas as características esenciais, de nacionalidade, nós, nomeámonos, d'oxe pra sempre, nazionalistas galegos, xa que a verbe rexionalismo non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

Saúde e Terra, irmá(n)s!

Exposición 2016 Centenario Irmandades da Fala Real Academia Galega Deputación da Coruña Museo do Pobo Galego



Igualdade de dereitos pra-a muller

Algunhas pezas en exposición 1 Lentes de Vicente Risco. 2 A plana maior da Irmandade coruñesa, 1926. 3 Recibos de afiliación de Manuel Antonio. 4 A Irmandade con flores a Rosalía. 5 Manuscrito de *Arredor de si*, Otero Pedrayo, 1930. 6 Galicia, nai e señora, Uxío Souto. 7 Selo das Irmandades da Fala. 8 Foto do irmán Arturo Casas. 9 Cooperativas agrarias por Alexandre Bóveda. 10 Víctor Casas polo seu fillo V. Casas Julián. 11 O violinista Manuel Quiroga por Bonome. 12 Antón Vilar Ponte por Mariano Miguel. 13 O primeiro libro de edicións Nós. 14 Primeira cabeceira d'A Nosa Terra, voceiro das Irmandades. 15 Carnés das Irmandades. 16 e 17 Deseños de Castelao. 18 Obra de teatro de Quintanilla. 19 Manuscrito da declaración da I Asemblea Nacionalista, 1918 «Nós nomeámonos d'oxe pra sempre nazionalistas galegos» 20 Nai e fillo. 21 Diploma dos amigos a Ramón Vilar Ponte. 22 Cartel de Camilo Díaz 23 Elvira Bao, dirixente da Irmandade Feminina. 24 Reunión do Seminario de Estudos Galegos, 1928. 25 Honoria Goicoa, soprano n'O Mariscal, 1929. 26 Selo da Irmandade Nazionalista Galega. 27 Cortexo da Irmandade coruñesa e os meniños da Escola de Insiño Galego, 1924. 28 A Escola Dramática Galega con Leandro Carré, Fernando Osorio e outros. 29 Violín de Manuel Quiroga doado ao seu amigo Losada Diéguez. 30 Cabeceira Céltiga. 31 Bandeira da Irmandade, custeada por mulleres afiliadas. 32 Deseño orixinal de Castelao. 33 Xuramento da Irmandade asinado por Bernardino Varela. 34 Novela curta de Porteiro Garea, 1918. 35 Novela curta de Castelao. 36 Novela curta de Vicente Risco. 37 Retrato de Manuel Lugrís 38 Cántigas da Terra, fundado en 1916. 39 Manuscrito do manifesto *Máis Alá!* 40 Texto manuscrito do programa da I Asemblea Nacionalista, Lugo, 1918.

Exposición xuño A Coruña xullo Santiago de Compostela agosto Vigo setembro Pontevedra outubro Ourense novembro Lugo decembro Ferrol

Comisión organizadora

Real Academia Galega
Margarita Ledo Andión
Henrique Monteagudo

Deputación da Coruña

Carne Vidal
Uxío Breogán Diéguez

Museo do Pobo Galego

Justo Beramendi
Carlos García Martínez

Entidades colaboradoras

Departamento Galego-
-Portugués da UDC
Galiza Cultura
Fundación A. Losada Diéguez
Fundación Alexandre Bóveda
Fundación Antonio Fraguas
Fundación Castela
Fundación Galiza Sempre
Fundación Isla Couto
Fundación Moncho Reboiras
Fundación Otero Pedrayo
Fundación Penzol
Fundación Vicente Risco
Museo de Pontevedra
Real Academia Galega
de Belas Artes

Creación do proxecto, deseño e coordinación

Pepe Barro

Documentalismo

Segundo Saavedra
Carmen Martín
(RdO Cultural)

Xestión de pezas

Real Academia Galega
Lois Bande Barreiro
Mercedes Fernández-Couto Tella
Ana M.ª Menéndez Rodríguez
Fernando Pereira González
Dolores Sánchez Vales

Montaxe

Sebastián Rodríguez Outeda
(expo.gal)

Maquetación

Susana G. Diz
(Mazaira grafismo)

Produción de son e audiovisuais

Patricia Fernández
Gonzalo Corral Mahía
(Cuadrado verde)

Gravación:

Kress music studio

Voces:

Charo Pena
Luis Iglesia

Interpretación do
himno das Irmandades:
Cuarteto Os Rebetos

Seguros

Hiscox Europe Underwriting

Transporte

Reimúndez Logística
y Servicios

Impresión

Paneis: Tórculo
Vinilos: Ideño
Folleto: Imprenta Provincial
Depósito legal:

Agradecementos

Ángeles Penas Truque
Arturo Casas Vales
Carmen Prieto Ramos
Diego Rodríguez González
Dolores Líaño Pedreira
Elena Díaz do Río López
Enrique Fernández Varela
Ernesto Vázquez Sousa
Esperanza Delgado Rosende
Familia Pardo-Ciórrega
Meléndrez
Familia Sabater
Fernando López-Acuña
Fernando Negueruela Sánchez
Fernando Sandino Ráfales
Luís Martínez-Risco Daviña
Marian Vidal
Miguel Anxo Seixas Seoane
Moncho do Orzán
Patricia Losada
Patricia Pérez Dorado
Valentín J. García Bóveda
Xosé Carlos Valle Pérez
Xosé Soutullo
Xulio Cuba

Prestadores

Alfonso Paz-Andrade
Alfonso Posse Romero
Arquivo do Reino de Galicia
Biblioteca de Galicia
Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Centro Galego Artes Imaxe
Coral De Ruada
Coral Polifónica Follas Novas
Elvira Varela Bao
Carlos López Gil
Justo Beramendi González
Manuel Lugo Rodríguez
Pitusa Vidal Cabanillas
Fundación Alexandre Bóveda
Fundación A. Losada Diéguez
Fundación Barrié
Fundación Penzol
Fundación Vicente Risco
Instituto de Estudos Galegos
Padre Sarmiento. CSIC
Museo Carlos Maside
Museo de Belas Artes da Coruña
Museo de Pontevedra
Museo do Pobo Galego
Parlamento de Galicia
Real Academia Galega
Real Academia Galega
de Belas Artes
Uxío Breogán Diéguez
Victor Casas Julián
Xosé Díaz Arias de Castro
Xosé M. Aldea

Organizan



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Deputación
DA CORUÑA



Museo do
Pobo Galego

Colaboran



DEPUTACIÓN DE LUGO
EXPOSICIÓN GALEGA



Cultura e Turismo



DEPUTACIÓN
OURENSE



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

Fundación Barrié



FERRO